

**AGARDANDO POR WILSON:
A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E
OS MOVEMENTOS NACIONALISTAS
DA EUROPA OCCIDENTAL**

Xosé M. Núñez Seixas
Universidade de Santiago de Compostela
Consello da Cultura Galega

DOI: 10.17075/iftpc.2021.002

Neste ensaio ofrécese unha panorámica transnacional das posicións que mantiveron unha serie de movementos etnonacionalistas da Europa occidental a respecto da autonomía, o autogoberno, a soberanía e a independencia durante a Grande Guerra de 1914-1918 e o período inmediatamente posterior. Arguméntase que existiu unha maior semellanza entre a Europa occidental e a centrooriental da que polo xeral se afirma; en efecto, dende mediados do século XIX, de Finlandia a Galicia e de Irlanda a Macedonia, produciuse unha intensa circulación de modelos, doutrinas e estímulos entre diferentes movementos nacionalistas, de maneira que a historia destes movementos constitúe tamén un bo caso de historia «cruzada». Malia todo nacionalismo ser o resultado concreto dunhas circunstancias endóxeas, o seu marco e o seu desenvolvemento responden tamén a estímulos foráneos e internacionais, ben como a transferencias culturais e mais á apropiación e resignificación de conceptos referidos á nación como novo ente político. De maneira paradoxal, o nacionalismo é en si mesmo un fenómeno fondamente transnacional¹.

Todos os activistas nacionalistas, quer estatais, quer subestatais, adoitan estar convencidos de que a súa doutrina e a súa narrativa son expresións auténticas, arraizadas na propia historia de seu. Porén, un feito certo é que, canto máis persuadidos están da súa singularidade en comparanza con outros, máis se parecen entre si. Isto non só ocorre porque os instrumentos discursivos e as estratexias narrativas que empregan sexan comparables, senón tamén de resultas da circulación dun corpo de escritos teóricos concibidos inicialmente como pedras

¹ Werner e Zimmermann (2006). *Vid.* tamén Thiesse (2011: 11).

angulares da teoría dunha nación en concreto, que constitúen, pola súa vez, unha fonte de inspiración para activistas doutros territorios.

De maneira explícita, as doutrinas liberais que se difundiron dende finais do século XVIII, dos Estados Unidos a Francia, viñeron a engadirse ao proceso anterior de espallamento da Ilustración. Todas elas conxugaron unha preocupación polas súas respectivas comunidades políticas, definidas como nacións, co acento nun conxunto de valores que habían servir de fundamento para a creación de novas comunidades cidadás, cuxa principal base de lexitimidade non se atopaba na lealdade dinástica ou na confesión relixiosa, senón na nación. Con todo, mesmo a teoría orgánico-obxectiva da nación elaborada pola *Aufklärung* alemá e desenvolvida posteriormente por autores como Johann G. Fichte (*Reden an die deutsche Nation*, 1808) contiña implicitamente elementos que podían aplicarse noutros contextos. En primeiro lugar, resultaba tentador adoptar a idea do *Volksgeist* e da historia como elemento fundador da nación para todos aqueles nacionalistas que non amosaban entusiasmo polo liberalismo. En segundo lugar, esa teorización permitía reivindicar a existencia dunha nación en calquera lugar onde a vontade cidadá atopase atrancos á hora de se expresar, ou onde a conciencia nacional se reducía a unha presada de patriotas. En terceiro lugar, todos os nacionalistas chegaron a crer que era natural que o mundo se dividise en nacións. Dese xeito, os modelos utilizados polas nacións veciñas para subliñaren a súa autenticidade tamén poderían valer, de xeito especular, para salientar a propia singularidade.

Malia aínda estar por escribirse unha historia transnacional dos procesos de transferencia cultural entre historiadores, anticuarios e escritores nacionalistas da Europa toda, pódense rastrexar algúns bos exemplos de circulación transnacional de modelos nacionais². Así, os escritos de Mazzini e Mancini, os principais pensadores do nacionalismo liberal do *Risorgimento* italiano, experimentaron unha

² Leerssen (2006).

notable difusión pola Europa occidental e central nas décadas subseguintes: historiadores tanto galegos como escoceses citaron con entusiasmo as obras de Mazzini, e algo semellante ocorreu dende Noruega até Romanía. A síntese dos criterios obxectivos e subxectivos empregados na definición do que era unha nacionalidade considerouse unha achega particularmente interesante á renacemento das «pequenas nacións» por toda Europa e mais América.

Nas décadas anteriores ao estoupido da Grande Guerra observábase xa unha intensa circulación transnacional de teorías sobre a nación e o nacionalismo. Ese espallamento de imaxes e modelos serviulles de inspiración aos nacionalistas dun lugar concreto para reflexionaren sobre a súa propia nación, cambiando tan só os ingredientes da receita. Porén, o modelo de difusión non sempre seguiu unha única dirección: non se tratou dun modelo imposto dende o «centro», dende as nacións «grandes» (Alemaña, Francia ou Italia) ás «pequenas» ou «serodias» (como Romanía, Flandres ou Córsega). De certo, a circulación das doutrinas nacionalistas sempre estivo moi condicionada polos patróns dominantes de difusión xeográfica das ideas: París constituía o centro da vida intelectual europea; os italianos achábanse máis expostos á influencia francesa que os alemáns, os cales, pola súa vez, exercían un maior ascendente intelectual na Europa do norte e na centrooriental. Emporiso, tamén tiña lugar unha circulación de teorías e modelos entre as propias «pequenas nacións» e entre as periferias europeas³.

Algúns autores salientan a relevancia do «efecto demostración» ou «contaxio transnacional» que exerceu o exemplo dos movementos nacionalistas triunfantes noutros nacionalismos subestatais menos desenvolvidos (ou aínda non exitosos)⁴. Eses modelos poden referirse ao uso de termos e principios semellantes, mais tamén poden incluír a imitación de prácticas simbólico-culturais –como os xogos florais de mediados do século XIX, ou os festivais druídicos–, ben como a

³ *Vid.* Nygard e Strång (2016).

⁴ *Vid.* Conversi (1993). Algúns autores ven ese contaxio como un factor que explica a recorrente correlación entre o nacionalismo e a guerra dende comezos do século XX: *vid.* Wimmer (2013).

participación de activistas nacionais na loita pola liberación doutras nacións. Non obstante, tales modelos non dan lugar necesariamente á aparición doutras afirmacións nacionalistas alí onde non están presentes as condicións socioculturais axeitadas. As nacións non nacen da nada.

A circulación de modelos, estímulos ideolóxicos e prácticas culturais entre as periferias étnicas ou nacionais con anterioridade a 1914 combinouse coa nacemento dun movemento internacionalista liberal, flanqueado polo pacifismo. Nos congresos internacionais que celebraron pacifistas, liberais, antiescravistas e outros idealistas, os activistas etnonacionalistas encontráronse cos liberais que defendían os dereitos das nacionalidades, das minorías étnicas e relixiosas e dos pobos colonizados. Aproveitaron así a ocasión que lles ofrecían esas plataformas para faceren visible a súa causa⁵. Paradoxalmente, a aparición do internacionalismo liberal e pacifista a partir de finais do século XIX viuse acompañada polos primeiros tentos de conxugar esa corrente coas reivindicacións das nacionalidades «sometidas» da Europa oriental e occidental, ben como dalgunhas periferias imperiais, dende Sudáfrica á India, xunto coa axitación promovida polos comités antiescravitude ou os colectivos sufraxistas e pacifistas⁶. Un bo exemplo foron os dous Congresos das Nacionalidades e Razas Sometidas que se realizaron en Londres en xuño de 1910 e, de novo, en febreiro de 1914⁷.

A Primeira Guerra Mundial representou daquela unha magnífica oportunidade para os activistas etnonacionalistas lle daren visibilidade á súa causa. A cuestión das nacionalidades foi explotada por ambos os dous bandos contendentes como unha útil arma propagandística que, dese xeito, facía gañar á cuestión nacional un inesperado eco na opinión pública mundial.

⁵ Vid. Guieu (2008), Cortright (2008) e Davies (2014).

⁶ Sluga (2013).

⁷ Vid. *Nationalities and Subject Races: Report of Conference Held in Caxton Hall, Westminster, June 28-30, 1910*, London, P. S. King & Son, 1911, ben como Ucelay-Da Cal (2020a: 54-64).

I. NACIONALIDADES, MINORÍAS, REXIÓNS: UN PANORAMA PLURAL

Como era o panorama transnacional das afirmacións nacionalistas subestatais na Europa dos anos anteriores a 1914? En 1913, o historiador francés Charles Seignobos publicou a súa obra *Les aspirations autonomistes en Europe*, baseada no seu interese pola cuestión das nacionalidades na Europa centrooriental e occidental. Nela, situaba no mesmo plano os acontecementos vividos en Alsacia-Lorena, Cataluña, Bohemia, Irlanda, Lituania e outros lugares⁸. En febreiro dese ano, a revista transnacional *Les Annales des Nationalités* publicou un informe sobre as demandas dos movementos «autonomistas» que estaban a desenvolverse en Cataluña, Bohemia, Lituania, Letonia e Ucraína; para a opinión pública francesa –que era epítome da europea–, o proxecto de autogoberno catalán de 1907 e as posicións da Lliga Regionalista eran equiparables aos postulados defendidos por John Redmond e o seu Partido Parlamentario Irlandés, a fracción política radical dos Novos Checos e os nacionalistas lituanos no exilio⁹. Tanto Seignobos como os editores de *Les Annales des Nationalités* diferenciaban entre o que chamaban nacionalidades no senso propio do termo (as dos imperios multinacionais da Europa centrooriental) e os «anexos de Estados antigos nos que se [reavivecera] o desexo de autonomía: Irlanda e Cataluña»¹⁰. No entanto, e malia eses esforzos dalgúns intelectuais e refuxiados políticos por artellaren unha axenda transnacional de afirmación nacionalitaria, denantes de 1914 non existiu ningún programa común que lles dese cabida a todas as súas aspiracións. De feito, con anterioridade á Primeira Guerra Mundial operaban cinco modelos de xestión ou resolución da diversidade etnonacional¹¹:

⁸ Seignobos (1913).

⁹ Vid. Ucelay-Da Cal (2003).

¹⁰ *Les Annales des Nationalités*, II, 7-10 (1913).

¹¹ Sobre o apartado seguinte, *vid.* Núñez Seixas (2019). Para ter unha perspectiva integrada, *vid.* Hroch (2000, 2005). *Cf.* igualmente Ucelay-Da Cal (2020b).

1) Autogoberno territorial premoderno dentro das monarquías compostas multinacionais do *Ancien Régime*, mediante a súa constitución nun «corpo» ou territorio conxunto máis, situado no seo dunha monarquía multiétnica. Este foi o caso paradigmático de Hungría logo do *Ausgleich* ou Compromiso de 1867, xa que a monarquía dos Habsburgo se atopaba, na práctica, dividida en dúas partes autónomas. Tal modelo abrangía tamén as aspiracións de moitos nacionalistas irlandeses a comezos do século XX, incluíndo o novo partido Sinn Féin, fundado por Arthur Griffith, quen recibira as influencias do nacionalismo dos bóers durante a súa estada en Sudáfrica anos atrás, en 1903. Nunha obra posterior, *The Resurrection of Hungary* (1904), Griffith utilizaba o espello maxiar para postular que Irlanda había constituír outro corpo político que fixese parte do Imperio Británico, quer baixo a forma de unión dinástica premoderna, quer desfrutando dun réxime de dominio como o vixente en Canadá dende 1867, e máis tarde en Australia e Nova Zelandia (1907) e a Unión Sudafricana (1910)¹². Tamén denantes de 1914 a maioría dos nacionalistas checos aspiraban a acadar un obxectivo análogo dentro do Imperio Austrohúngaro, co propósito de constituírense nun corpo integrante do Imperio semellante a Hungría. Non moi diferente era o modelo dos autonomistas islandeses e feroeses dentro do Estado composto da dinastía danesa de Oldemburgo, coñecido naquela altura como «conglomerado estatal»¹³.

2) Constitución dun corpo (orgánico ou non) ou dun estado federado situado dentro dunha federación multinacional. Este enfoque estaba influído polas achegas dos teóricos do federalismo, dende os estadounidenses Alexander Hamilton e James Madison ao republicano catalán do século XIX Francesc Pi i Margall, que ecoaron nos escritos do catalanista republicano Antoni Rovira i Virgili a partir de 1905, ben como en varias das amplas formulacións esquerdistas

¹² Vid. Griffith (1904). Unha interpretación en Maume (1995).

¹³ Vid. Østergård (2015).

do *Félibrige rouge* dos occitanistas de finais do XIX. Todos eles invocaban, a maiores, o exemplo dunha idealizada Confederación Helvética.

3) Variantes de descentralización en forma de autogoberno ou autonomía rexionais. Estas comprendían a concesión dun estatuto de autonomía política ou administrativa, ou de ambos os dous tipos, aos territorios que amosasen as singularidades culturais, institucionais ou xeográficas o que xustificaren. Ese modelo tivo apoio en diversos segmentos da opinión pública sarda a finais do século XIX, así como en Sicilia e nas teorías «meridionalistas» italianas; no caso francés, Jean-Charles Brun e a *Fédération régionaliste française* reclamaron a aplicación en todo o territorio de Francia dunha «descentralización dende enriba» xeneralizada, cuxa concepción respondía a criterios de racionalización funcional e administrativa, mais tamén aberta ás políticas de recoñecemento cultural, grazas ao influxo dos rexionalistas (e dalgúns nacionalistas) bretóns e occitanos no seo da organización¹⁴.

4) Establecemento dun Estado nacional. Entre 1878 e 1914, en ausencia de intervención dunha potencia estranxeira ou de resultados dalgún conflito internacional, foron escasos os exemplos de secesión estatal. Entre eles salienta o caso de Noruega, que acadou un Estado propio en 1905, logo dun referendo cunha esmagadora maioría de votos afirmativos que embocou na súa separación pacífica de Suecia. No canto de constituíren unha república, os noruegueses convidaron un príncipe dinamarqués para fundar unha monarquía constitucional. Porén, o modelo noruegués exerceu unha considerable fascinación sobre algúns movementos nacionalistas republicanos, e tivo tamén certa influencia na evolución do catalanismo político. No entanto, na Europa occidental houbo varios partidos etnonacionalistas de nova formación que decidiron optar pola independencia *tout court*, aínda que con matices. Foi o caso do Partido Nacionalista Vasco (PNV), fundado en 1895, e o Parti national breton (1911), esgazado da

¹⁴ Vid. Wright (2003).

máis moderada Union régionaliste bretonne. As demandas destes partidos bambeaban entre o modelo premoderno e pactista do Estado composto do *Ancien Régime* –como o PNV, que de 1903-1905 en diante tentou acadar unha volta ás «leis vellas», ou *fueros*, vixentes denantes de 1833– e o modelo confederal dos nacionalistas bretóns. Algúns outros defendían tamén a consecución da independencia por medio da violencia: foi o caso do movemento macedonio dende 1903.

5) Modelos de autonomía local, non territoriais ou étnico-corporativos. Exemplos diso serían as comunidades maxiarias e xermanas de diversas áreas de Transleitania, como Transilvania, ben como a autonomía corporativa das minorías alemás do Báltico baixo o Imperio tsarista. Común a todos eles era a lealdade ao imperio ou Estado ao que pertencían, segundo criterios dinásticos e confessionais¹⁵, combinada cun autogoberno administrativo e plena autonomía para xestionaren as súas institucións culturais e gozaren dos seus dereitos lingüísticos.

Até a Grande Guerra, as demandas autonomistas ou nacionais tiñan moita maior presenza, e máis visible, na Europa centrooriental. Emporiso, non se limitaban a esa zona do continente, e nin sequera a Europa. Outros casos próximos eran os de Cataluña, o País Vasco, Irlanda e Flandres, xunto coas demandas rexionalistas e as nacentes reivindicacións nacionalistas que xurdían en Francia e mesmo en Italia. Podería incluso argumentarse de maneira contrafactual que, de non estoupar a guerra, Irlanda tería acadado un estatuto de autonomía en 1914-1915 e o *Home Rule all around* podería terse estendido a Escocia. En paralelo, o movemento flamengo experimentara relevantes avances, e o catalanismo político conquirira en decembro de 1913 unha autonomía limitada, a Mancomunitat interprovincial¹⁶.

¹⁵ *Vid.* Osterkamp e Schulze Wessel (2017).

¹⁶ *Vid.* Clough (1930) e Balcells, Pujol e Sabater (2006).

II. EXILIADOS NACIONALISTAS, MEDIADORES E AXENTES TRANS-NACIONAIS Á PROCURA DE VISIBILIDADE

A confrontación mundial que comezou en agosto de 1914 comportou a apropiación xeoestratéxica do «principio das nacionalidades» por parte de ambos os dous bandos contendentes e deu lugar a unha nova vaga de difusión do nacionalismo, que, ao cabo, embocaríase na formación de novos Estados nacionais, acompañados adoito dunha reorganización forzosa das fronteiras, de conflitos armados e de violencia étnica, o cal, na práctica, ampliou a duración da guerra ata 1923¹⁷. Non se trataba, de certo, dun fenómeno totalmente novo: o principio das nacionalidades xa fora invocado tamén por algúns dos contendentes na guerra de Independencia grega de 1830, ou nas guerras balcánicas de 1912-1913. Porén, agora podía servir aos obxectivos de guerra dos dous bandos; tamén fornecía unha nova relexitimación da guerra a ollos da esquerda e dos sectores liberais europeos, obrigados a prestar o seu apoio a un conflito que en principio recusaban.

En primeiro lugar, a representación das potencias inimigas como opresoras das pequenas nacionalidades, nomeadamente nos imperios ruso, austrohúngaro e otomán, superpúxose á continuada briga teórica entre a *civilisation* francesa e a *Kultur* alemá. Despois de 1917, o principio das nacionalidades acadou un eco esmagador na esfera pública internacional e converteuse nun lema mobilizador para ambos os dous bandos, mais sobre todo para a Entente. Iso exerceu un importante efecto demostración no pulo que experimentaron diversos movementos (etno)nacionalistas europeos durante o conflito ou despois del¹⁸.

Presentar a guerra como unha cruzada idealista a prol dos dereitos dos pobos asoballados fíxose preciso tamén para lexitimar os moitos sacrificios que se lle esixían á poboación civil dos países belixerantes e así manter os sectores máis

¹⁷ Vid. Wimmer (2013) e Bianchini (2013). Unha reavaliación recente en Prott (2016: 21-53).

¹⁸ Para consultar máis detalles, *vid.* Núñez Seixas (2001: 33-73).

liberais e esquerdistas da opinión pública —que se vían atraídos cara a unha causa xusta— dentro da *union sacrée* que alimentaba o esforzo de guerra. Con todo, as elites estatais concedían maior importancia á estabilidade internacional e ao equilibrio de poder que á adhesión a grandes principios. Denantes do outono de 1918, poucos homes de Estado europeos ou norteamericanos apoiaban o esfarelamento dos Estados multiétnicos contra os que loitaban, pois este feito complicaría o mapa xeopolítico europeo e talvez se estendería aos territorios coloniais. Do mesmo xeito, dende novembro de 1917 inzou a preocupación perante a posibilidade de que a fragmentación política e o malestar social resultasen ser un terreo vizoso para a expansión da revolución bolxevique.

Os Imperios Centrais fixeron uso en menor medida do principio das nacionalidades como arma propagandística, xa que supuña grandes contradicións para Austria-Hungría; emporiso, apoiaron as demandas dos nacionalistas poloneses e ucráinos de Rusia, ben como as reivindicacións de autodeterminación presentadas por varios movementos do Cáucaso. O Goberno de Berlín avalou tamén as actividades dunha serie de grupos de exiliados que actuaban en Suíza e noutros países neutrais, e promoveu o recoñecemento do neerlandés como lingua cooficial do Flandres ocupado, apoiando as demandas culturais dos nacionalistas que optaran pola colaboración (os «activistas»)¹⁹. Dun xeito semellante, nos países bálticos e nas zonas fronteirizas occidentais do Imperio Ruso, as autoridades militares alemás puxeron en práctica unha política de ocupación relativamente benévola, que favorecía a autonomía dos grupos étnicos non rusos, comprendidas as comunidades xudías. Tamén mantiveron algúns contactos cos nacionalistas irlandeses e brindaron apoio loxístico ao fracasado erguemento de Pascua de abril de 1916²⁰.

As diplomacias e servizos de información dos bandos contendentes solicitaronlles asesoramento diplomático a xornalistas, historiadores e xeógrafos

¹⁹ *Vid.* Zetterberg (1978) e Wils (1974).

²⁰ *Vid.* Pott (2011).

familiarizados coa cuestión das nacionalidades na Europa centrooriental. Iso constituíu un reflexo da crecente influencia que exercían na política internacional os «expertos» transnacionais, conectados a unha ampla rede de colegas de diversos países²¹. Varios deles, como o historiador escocés Robert W. Seton-Watson, o historiador inglés Edward H. Carr e o xornalista inglés Wickham Steed, convertéronse en útiles intermediarios entre os círculos de nacionalistas centroeuropeos exiliados en Londres, París ou Roma e as chancelarías de Asuntos Exteriores dos Estados vitoriosos. Tamén editaron varias revistas, co apoio de organizacións pacifistas e internacionalistas tales que a Union of Democratic Control, nas que se abriu un debate sobre o principio das nacionalidades e a idea da autodeterminación, ben como sobre as súas posibles implicacións para o futuro da democracia no continente europeo. Esta cuestión revestiu unha importancia sobranceira cando a Entente aceptou, como feito inevitable, a desintegración do Imperio Austrohúngaro; o que aquela non aceptou, porén, foi nada que fose alén da aplicación limitada do principio das nacionalidades cando resultase compatible cos seus propios intereses xeopolíticos²².

Aguiloadas polo maior recoñecemento no plano internacional das reivindicacións das nacionalidades da Europa central e oriental, as elites políticas de diversos movementos nacionalistas e rexionalistas da Europa occidental acharon unha forte motivación para avanzaren nas súas demandas, que parecían agora apoiadas e lexitimadas polas grandes potencias. Para moitos daqueles, o estímulo externo que supuña a Grande Guerra, agora representada como un conflito bélico que se libraba a prol das nacionalidades sometidas, desempeñou un papel significativo na evolución e maduración dos seus proxectos políticos. Foron varios os movementos rexionalistas que se tornaron en nacionalistas: dende os galegos e corsos ata os frisóns e galeses, que chegaron a adoptar uns programas

²¹ *Vid.*, por exemplo, Rodogno, Struck e Vogel (2015).

²² *Vid.* Calder (1976), Seton-Watson e Seton-Watson (1981) e Sluga (2006: 37-60). Sobre a interacción entre diplomáticos angloamericanos e exiliados checos, *vid.* Hadler (1995).

«nacionalistas» e imaxinaron os seus territorios como nacionalidades que aspiraban a acadar a autodeterminación²³. O mesmo ocorreu coa autonomista Ligue Valdôtaine, fundada en 1909 co propósito de representar os intereses da minoría francofalante do Val de Aosta (Italia)²⁴. Após as declaracións de Wilson, mesmo os activistas pola lingua romanche en Suíza adoptaron en febreiro de 1919 o vocabulario da autodeterminación e catalogaron como «nación retorrománica» aqueles territorios onde se falaban as distintas variedades de romanche e ladino²⁵. Mais non se trataba dunha evolución inevitable. Houbo tamén importantes movementos etnoterritoriais, como o sardo nado da mobilización dos excombatentes da illa logo de 1919, que en grande medida permaneceron politicamente dentro dos confíns do rexionalismo²⁶.

No decurso do conflito, no mundo occidental desenvolveuse tamén a reflexión teórica sobre o principio das nacionalidades, malia que non se hibridara aínda co concepto de autodeterminación, máis típico da corrente liberal e da tradición relixiosa anglófona norteamericana²⁷. O significado deste segundo termo vencellábase á liberdade dos gobernados de escolleren o seu goberno por medios democráticos e, despois de 1917, foise incorporando a unha maior escala ao vocabulario político europeo. O principio das nacionalidades expresaba que as comunidades nacionais baseadas en criterios orgánico-obxectivos ou na asociación voluntaria –ou en ambos os dous– e que existían no seo de monarquías multiétnicas ou Estados multinacionais habían aspirar a un autogoberno pleno, aínda que non necesariamente a dispoñer con liberdade de si, mediante o exercicio práctico da soberanía. Con todo, os principios fondamente democráticos

²³ Sobre a transición das demandas lingüísticas galesas a un programa nacionalista, *vid.* Morgan (1981: 203-208), Davies (1985) e Diekmann (1998). Para o caso dos bretóns, *vid.* Déniel (1976) e Carney (2015); sobre os corsos, Yvia-Croce (1979) e, sobre os frisóns, Zondergeld (1978).

²⁴ *Vid.* Celi (2017).

²⁵ *Vid.* Valär (2013: 208-210).

²⁶ Sobre o peculiar caso do movemento sardo, que non definiu Sardeña como unha nación ata a década de 1960, *vid.* Sechi (1976) e Cubeddu (1993).

²⁷ *Vid.*, por exemplo, Hauser (1916) e Tchernoff (1918).

do «consentimento dos gobernados» e das «decisións de autogoberno», é dicir, o dereito de todos os cidadáns a colaboraren na dirección dos asuntos públicos da sociedade, non se incorporaron máis que de maneira gradual ao principio das nacionalidades. Así mesmo, adquiriron un senso pacifista, que achaba o seu fundamento no paradigma herderiano das relacións internacionais: se o mundo, por natureza, estaba composto de nacións, as causas estruturais dos conflitos non desaparecerían até o intre en que todas elas fosen libres²⁸.

Xa que logo, a paz universal e o progreso da humanidade chegarían a través dunha harmonización nacional que adquiriría múltiples tonalidades. Era un principio susceptible de ser adoptado por actores políticos moi diversos, moitos deles afastados de calquera veleidade etnonacionalista: pacifistas, internacionalistas liberais e cristiáns, socialistas fabianos e moitos outros. De feito, esta tendencia tivo certo éxito durante a Grande Guerra e xusto despois dela, ao soste que a paz do mundo só estaría garantida se se erradicase a «opresión nacional» como fonte de conflito²⁹.

Ningún destes empeños teóricos deu resolvido o problema de base: *ethnos* ou *polis*? Que é e que define unha nación? Quen (que territorio ou colectivo humano) é titular do dereito de autodeterminación e pode aspirar a invocar de maneira lexítima o principio das nacionalidades? Existía un principio orgánico-historicista de orixe principalmente xermana, outro de natureza liberal-voluntarista e tamén unha serie de posturas intermedias, con variacións que podían adaptarse á situación e aos intereses estratéxicos de actores, potencias, movementos ou grupos nacionalistas concretos. Durante o conflito, diversos intelectuais franceses, italianos e alemáns publicaron achegas sobre o tema, mais as súas interpretacións do principio das nacionalidades respondían, en gran medida, aos intereses estratéxicos das grandes potencias. Deste xeito, os expertos franceses,

²⁸ *Vid.*, por exemplo, Toynbee (1915) e Seton-Watson (1915: 70).

²⁹ *Vid. The New Europe*, 1 (19 de outubro de 1916); Macartney (1934: 215-217), Organisation Centrale por une Paix Durable (1917) e Séailles (1918).

italianos, alemáns e, despois, checos e poloneses apelaron alternativamente á vontade subxectiva da cidadanía ou á tradición histórica, a cultura e o idioma, en función de cales fosen os seus dilemas territoriais no curto prazo: dende as preguntas para formular nos referendos que se levaron a cabo na Alta Silesia e en Schleswig-Holstein após 1918, até a definición das fronteiras en Transilvania, Pomerania e o Tirol do Sur na Conferencia de Paz³⁰.

Emporiso, naquela altura do século XX, as nacionalidades ou pobos «coloniais» rara vez figuraban nos programas de reordenación nacionalitaria de Europa. Aínda non acadaran a condición de «civilizados», mais, mesmo así, comezaban a tomar nota das estratexias e teorías que puñan en marcha os nacionalismos europeos irredentos. Entre eses exemplos contáronse o estudante vietnamita Hô Chi Minh en París, os nacionalistas indios residentes en Londres que acharon unha fonte de inspiración nos revolucionarios irlandeses, ou os indonesios que estudaban en Amsterdam e Leiden³¹.

II.1. O exemplo da Union des Nationalités

As solucións mundiais á cuestión nacional que ofreceron durante a guerra unha serie de organizacións transnacionais, na súa procura duns cimentos sólidos para a paz do mundo, foron variadísimas. Así, o pensador pacifista belga Paul Otlet, que inspirou a Declaración dos Dereitos das Nacionalidades (1914 e 1916), estableceu que o diverso abano de solucións abrangúa a independencia plena, a autonomía federativa e a descentralización asimétrica (na fraseoloxía actual), ou o que el categorizou como «régimes estatutarios persoais», é dicir, unha autonomía cultural baseada na adscrición individual³². Malia que en ocasións xurdiron propostas innovadoras nas que se apuntaba que as nacionalidades se tornaban

³⁰ *Vid.* Wambaugh (1933), Kaltenbach (1938) e Prott (2016: 113-147).

³¹ *Vid.* Manela (2007), Goebel (2015), Roberts (2013) e Stutje (2019).

³² *Vid.* Otlet (1914: 64-70). Sobre Otlet, *vid.* tamén Laqua (2013: 26-37).

suxeitos de dereito internacional con independencia de se tiñan Estado ou non, acharon pouco eco nas principais chancelarías europeas.

A evolución da Union des Nationalités (UN) ilustra o ambiguo uso que se fixo do principio das nacionalidades durante a Gran Guerra e no período posterior. Esta organización fora fundada en París, en 1912, por representantes de entidades nacionalistas de diversos países europeos, intelectuais franceses e líderes pacifistas que pretendían que actuase como unha sorte de intermediaria do «movemento autonomista europeo» ante a opinión pública francesa e mundial. Co estoupido da guerra, a diplomacia francesa comezou a interesarse por asumir o control da Union des Nationalités, explotando o principio das nacionalidades para o propio beneficio do Goberno de París; así, un dos seus valedores, o xornalista provenzal Jean Péliissier, traballou dous anos nos Balcáns para os servizos de información franceses. Porén, a maquinaria propagandística alemá tamén se interesou por ela a través do exiliado lituano Jean Gabrys (Juožas Parzaitis), que fundara a organización e daquela traballaba para conseguir o apoio de Alemaña á independencia de Lituania, subxugada baixo o Imperio tsarista.

En consonancia co anterior, as dúas primeiras Conferencias das Nacionalidades (1913 e 1915) tiveron lugar en París co aval entusiasta da esquerda liberal francesa, mentres que a terceira se organizou en Lausana, en xuño de 1916, baixo os auspicios da diplomacia xermana; os alemáns tamén financiaran a participación de varios delegados nacionalistas do Cáucaso, Polonia, Ucraína, Finlandia e os países bálticos, que uns días antes constituíran unha Liga dos Pobos Alóxenos de Rusia. Malia a súa notable repercusión mediática, e malia a asistencia dalgúns representantes vascos e cataláns, a terceira Conferencia das Nacionalidades foi, en esencia, un acto propagandístico antirruso³³.

³³ O embaixador español en Suíza observou, con razón, que, «segundo a crenza xeral, a xuntanza [...] foi promovida polos Imperios Centrais, con fins políticos relativos ás cuestións de Polonia e os países bálticos e nela só figuraron, como comparsas para encher o cadro, uns poucos ideólogos ou extraviados». Informe da Embaixada de España en Berna, 17 de agosto de 1916 (Arquivos do Ministerio de Asuntos Exteriores [Madrid], H-2824).

Cando Jean Pélissier regresou a Suíza en 1917 tentou resituar a UN dentro da esfera de influencia francesa, sobre todo a través da súa relación con Paul Painlevé, ministro da Guerra en París dende marzo dese ano (e presidente do Consello de Ministros de setembro a novembro). En troco, o Quai d'Orsay apoiaría as demandas das nacionalidades non rusas no inestable contexto que se creara no Imperio tsarista logo da Revolución de Febreiro, e ante a ameaza de que o Goberno de Petrogrado asinase a paz por separado cos Imperios Centrais. Iso comportaba o recoñecemento diplomático da Rada –Parlamento– ucraína, ben como apoiar os independentistas bálticos, armenios e xeorxianos. Malia os esforzos de Pélissier por situar a Union des Nationalités na rede de organizacións paraoficiais dependentes do Goberno de París, as ocasións de que dispuxo para influír politicamente na delimitación das novas fronteiras europeas mirraron dende finais de 1917. O Goberno de Painlevé foi substituído polo de Georges Clemenceau, quen avogaba por unha aplicación restritiva do principio das nacionalidades; namentres, Gabrys proseguía cun duplo xogo: procuraba o apoio alemán mentres mantiña contactos coa diplomacia francesa³⁴.

A irrupción de Woodrow Wilson no escenario europeo forneceu un novo manto ideolóxico que deitar sobre o programa da UN e pareceu tapar todas as contradicións internas referendando o principio dunha paz sen vitoria baseada nun xeneroso recoñecemento das reivindicacións das nacionalidades por todo o continente. Logo da Conferencia de Paz e ata a súa desaparición a finais de 1919, a organización pasou a defender un estatuto xeral dos dereitos das nacionalidades e minorías na nova Europa³⁵.

³⁴ *Vid.* Soutou (1995), ben como a edición alemá das memorias de Jean Gabrys en Gabrys (2013).

³⁵ *Vid.*, por exemplo, Jean Pélissier (1917): «Le futur Congrès de la Paix et les idées du Président Wilson», *Les Annales des Nationalités*, VI:5; íd. (1917): «La Question des Nationalités et les messages du Président Wilson», *Les Annales des Nationalités*, VI:11-12.

III. A «DOBRE ILUSIÓN» WILSONIANA

Os factores sobranceiros que favoreceron a consecución dos obxectivos dalgúns nacionalistas subestatais despois de 1917 foron tres: a) o grande baleiro xeopolítico causado pola inminente fin dos imperios europeos multinacionais; b) os intereses xeoestratéxicos das potencias da Entente, e c) a proximidade destes territorios ao novo poder soviético. Con todo, a Grande Guerra tamén comportou unha perturbación diplomática mundial e supuxo a aparición de «fiestas de oportunidade» para os mediadores internacionais e os representantes oficiosos nas chancelarías das potencias contendentes. Así, aproveitándose da incerteza internacional, varios activistas e grupos nacionalistas tiveron acceso aos círculos diplomáticos e exerceron certa influencia nos diversos ministerios de Asuntos Exteriores. Un bo exemplo foron os exiliados checos en Londres: a partir de 1916, Tomáš G. Masaryk e Edvard Beneš, os cales influíron na Foreign Office británica (e despois na diplomacia norteamericana) no que atinxía á conformación da súa actitude cara ao futuro da Europa central.

O pulo definitivo á difusión internacional do principio de autodeterminación nacional veu dado pola Rusia revolucionaria. Os bolxeviques fixeron un uso pragmático dese lema dende comezos de 1917, sempre subordinado ao seu primordial interese polo espallamento do socialismo. Os revolucionarios rusos probablemente mantiveron naquela altura o debate máis amplo e influente sobre a autodeterminación, valéndose del como instrumento propagandístico e de expansión ideolóxica. Iso pesou na postura que adoptaron sobre a cuestión case todas as organizacións da esquerda europea. Nese senso, o primeiro Goberno provisional que se estableceu en Petrogrado despois da Revolución de Febreiro de 1917 proclamou en abril dese mesmo ano a súa aposta pola autodeterminación nacional, como ningún outro Goberno fixo³⁶.

³⁶ *Vid.* Chernev (2011), ben como Throntveit (2011).

Pouco despois da toma do poder por parte dos bolxeviques en San Petersburgo meses máis tarde, o presidente estadounidense Woodrow Wilson entrou no escenario mundial do debate sobre o principio das nacionalidades cando se dirixiu ao Congreso do seu país e expresou por vez primeira, en decembro de 1917, o seu programa dos Catorce Puntos, que se fixo público en xaneiro do ano seguinte. Moito máis importante que os puntos en si, en boa medida improvisados e inzados de incertezas, foi a entusiasta acollida que atoparon en todo o mundo. En Europa, o chamado «wilsonismo» consistiu nunha ben intencionada interpretación europea liberal e esquerdista do programa de Wilson; porén, os Catorce Puntos non incluían ningún recoñecemento xeral do principio das nacionalidades, nin da autodeterminación nacional. Por razóns estratéxicas, o presidente dos EUA garantíalle un territorio a Polonia, demandaba a devolución de Alsacia-Lorena a Francia, solicitaba un novo trazado das fronteiras italianas ao longo dunhas liñas etnográficas máis ou menos definidas e incorporaba unha vaga posibilidade de autogoberno para as nacionalidades austrohúngaras. Wilson non apostaba polo principio das nacionalidades, e coñecía pouco a complexidade etnográfica de Europa; seguindo as súas fondas crenzas relixiosas, avogaba por unha interpretación liberal da autodeterminación en canto procura do consentimento dos gobernados, pero na acollida que tivo este principio en Europa engadíuselle outro elemento: o principio das nacionalidades. A noción alemá de *Selbstbestimmung* contribuíu a transformar a autodeterminación individual en colectiva, dándolle a unha comunidade territorial, a unha nacionalidade, o dereito a se tornar o seu suxeito³⁷.

De certo, Woodrow Wilson tamén deixou o seu propio carimbo no concepto de autodeterminación, segundo a tradición liberal de J. S. Mill, arredándoo das perspectivas revolucionarias. O primeiro ministro británico, o galés Lloyd

³⁷ *Vid.* Weitz (2015). Algúns autores contemporáneos, sobre todo expertos en Dereito internacional, teñen reflexionado tamén sobre os conceptos wilsonianos de autodeterminación. Velái o caso de Mandelstam (1919) e Gibbons (1918).

George, que tamén efectuou algunhas declaracións a prol da autodeterminación nacional pouco antes de Wilson o facer, foi outro dos que se adheriron a esa noción cívica do consentimento dos gobernados³⁸. Nin sequera os catro puntos, menos coñecidos, enunciados no discurso de Wilson perante o Congreso estadounidense o 11 de febreiro de 1918 facían referencia expresa ao recoñecemento da autodeterminación nacional. Pola contra, proclamaban só que «ás aspiracións nacionais ben definidas se lles [daría] a maior satisfacción posible sen inserir elementos novos de discordia e antagonismo e sen perpetuar os vellos» que puidesen supoñer unha ameaza para a paz. A necesidade de satisfacer os obxectivos de guerra de Italia –subscritos no Tratado de Londres de 1915– obrigaron a Wilson e os seus axudantes a se referir explicitamente ás vilas adriáticas de Fiume/Rijeka e Trieste, mentres que a alusión ás colonias imperiais se limitaba ás alemás. Chegado o mes de setembro de 1918, os catorce puntos orixinais convertéranse en vinte e sete³⁹.

Houbo outras razóns que explicaban a inesperada popularidade de Wilson en Europa. Para comezar, o presidente estadounidense ofrecía un programa moral reformista que reivindicaba os sacrificios de todos aqueles que contribuíran a soste o esforzo bélico e prometía un futuro baseado na cooperación internacional, amais dunha alternativa ao modelo bolxevique. Iso creou o mito wilsoniano: o presidente norteamericano –malia as súas posicións restritivas en política interior cara aos dereitos da poboación afroamericana– era visto como un defensor idealista das causas xustas, nunha «dupla miraxe» de contido pacifista e reformista asemade⁴⁰. Máis aínda, as declaracións de Wilson tiveron un efecto non agardado: a difusión do principio de que as nacionalidades definidas en termos étnicos debían tornarse en titulares da soberanía, pois pasaban a ser as nacións (as comunidades) e non explicitamente os individuos (os cidadáns) os que

³⁸ *Vid.* Lloyd George (1928: 1512-1513).

³⁹ *Vid.* Smith (2002) e Heater (1994).

⁴⁰ *Vid.* Miquel (1971: 37-213).

habían consentir en ser gobernados⁴¹. Como resumiu con ironía Basil Thomson, membro do Gabinete de Guerra británico, en decembro de 1918: «É digno de salientar que, polo que parece, os extremistas de todas as nacións adoptaron o presidente Wilson como o seu valedor. Diríase que se vai converter no defensor dos bolxeviques británicos, dos arredistas cataláns, dos socialistas maioritarios franceses, dos irlandeses partidarios do Sinn Féin, dos anarquistas indios... En suma, de todo aquel que se sinta vítima dunha aldraxe real ou imaxinaria»⁴².

Xaora, o presidente Wilson pasou a ser identificado como a máis alta expresión moral da guerra, como apóstolo da restauración dunha paz xusta. As súas posturas xenéricas estendéronse e simplificáronse na esfera pública, dende Gran Bretaña ás potencias vencidas, para se tornaren nuns principios xerais que apoiaría calquera que se adherise aos valores democráticos: a autodeterminación (significase o termo o que significar), o desarmamento, a «paz sen vitoria» e a futura creación dunha sociedade das nacións que garantise a paz⁴³.

IV. O SOÑO WILSONIANO DENDE ABAIXO: VISIONS VASCAS E CATALÁS

Como foi percibida dende a base, dende a perspectiva dos activistas etnonacionais de Europa, a difusión do principio das nacionalidades durante o conflito? A meirande parte deses activistas sinxelamente interpretaron que o que acontecía na guerra viña a confirmar, máis unha vez, o que eles xa intuían: que as directrices que se establecesen para o futuro inmediato ían estar marcadas pola aplicación xeral do principio das nacionalidades como sinal de modernidade e pola constitución dunha Sociedade das Nacións como garante da liberdade das

⁴¹ *Vid.* Gerson (1956), Mamatey (1957), Brecht (1992) e Sanborn (2014).

⁴² Citado en Swartz (1971: 219).

⁴³ *Vid.*, por exemplo, Tobia (1974), Martin (1958) e Fraenkel (1960). Tamén Pérez Casanova (2012).

pequenas nacións e das «nacionalidades oprimidas», ben como pola fin da hexemonía imperial en Europa. O anterior non difería moito do que, chegados os anos 1917-1918, manifestaban nos seus órganos de expresión os voceiros dos movementos nacionalistas da Europa centrooriental⁴⁴.

Os etnonacionalistas occidentais invocaban uns principios semellantes e prevían que as súas ideas, lexitimadas polo éxito de checos e poloneses, tamén acharían aceptación na esfera pública internacional e na nova orde mundial. Un exemplo diso ofrecíao o arquitecto Guillem Forteza, o primeiro presidente da pequena asociación catalanista Nostra Parla, quen resumiu en novembro de 1918 a interconexión percibida entre os estímulos externos e a política interna:

Pode recibir o noso innegable sentimento rexionalista maiores estímulos exteriores? Eu creo que non. Por pouco que nos fixemos nos caracteres que toma a vaga sentimental do mundo despois de amainada a tempestade das armas, veremos que nalgúns puntos é exorbitante o fluxo social e xa que logo o refluxo revolucionario. Noutros puntos anda máis moderado ese espírito de rebelión. Noutros é case imperceptible. Mais prestemos fonda atención ao movemento nacionalista que arrastra case toda a humanidade e xa non seríamos quen de establecer unha escala de intensidades. En todas as partes, en todas as latitudes, en todos os dominios civilizados triunfa o nacionalismo máis radical. Haberá discusións fortes e encirradas verbo doutros extremos políticos cando se reúnan as nacións para redactaren os artigos da Paz; mais non a respecto do nacionalismo.

[...] Dádeo por certo: non se perderá un minuto discutindo que se entende por «nación». Sabe o mundo que nación é toda integración de homes que rende culto a un determinado espírito nado lexitimamente da cohabitación [...] desa «integración de homes» coa «terra» que a Providencia lles deparou⁴⁵.

⁴⁴ *Vid.*, por exemplo, J. Banjanin (1918): «Les nationalités opprimées et les Alliés», *La Nation Tchèque*, IV:1-2, ben como Seton-Watson (1991).

⁴⁵ Guillem Forteza: «Triunfo del nacionalismo» (*La Almudaina*, 23 de novembro de 1918), reproducido en Mir (1990: 318-321).

O espallamento do novo vocabulario da autodeterminación foi moito máis intenso nos territorios nos que existían movementos nacionalistas máis desenvolvidos, como era o caso do País Vasco e, nomeadamente, de Cataluña, onde se convertera nun movemento de masas a partir da primeira década do século XX. O período de 1914-1919 constituíu un tempo de convulsión no ámbito todo do catalanismo político, que produciu notables transformacións, e durante el tiveron lugar novos realinamentos de forzas, en parte provocados polo influxo de acontecementos externos. No marco da inestabilidade política do réxime da Restauración na súa fase final (1914-1923), os líderes catalanistas viron a oportunidade para unha ofensiva política na procura dun réxime de meirande auto-goberno para Cataluña –quer baixo a forma dun estatuto de autonomía, quer como Estado membro dunha federación multinacional ibérica–, que ultrapasaría os límites da Mancomunitat obtida en decembro de 1913⁴⁶.

Mentres que os catalanistas republicanos e radicais amosaron unhas ardentes simpatías cara á Entente e manifestaron unha aberta francofilia, os catalanistas conservadores optaron pola neutralidade. Porén, algúns dos dirixentes da Lliga simpatizaron con Alemaña, ao tempo que moitos outros expresaron a súa preferencia pola vitoria de Francia. Pola súa banda, os catalanistas de esquerda, radicais e de orientación republicana prevían rachar coa hexemonía da Lliga, aproveitando a vitoria da Entente. Con ese fin, iniciaron unha activa campaña propagandística a prol dos centos de voluntarios cataláns que se uniran ao exército francés e á Lexión Estranxeira, presentándoos como a achega de Cataluña á vitoria da democracia e do principio das nacionalidades. Malia só unhas dúzias de voluntarios seren catalanistas de verdade (moitos eran inmigrantes en Francia, aventureiros e idealistas republicanos, canda voluntarios españois e mercenarios), algúns grupos catalanistas soñaban con facer deles unha auténtica lexión catalá, comparable á polonesa e mais á checa, que atraese as simpatías da Entente cara á causa de Cataluña. Así, algúns líderes catalanistas soñaron con

⁴⁶ Para consultar máis detalles, *vid.* Núñez Seixas (2010: 31-90; 2018).

poñer sobre a mesa as súas reivindicacións de autogoberno no momento en que se debatese a paz⁴⁷. Consonante a guerra se achegaba á súa fin, mesmo a conservadora Lliga enarborou a bandeira do principio das nacionalidades e o soño da intervención da Entente na política española. Agardaba, deste xeito, acelerar a consecución da autonomía, no que constituíu unha estratexia paralela e complementaria á ofensiva política da Lliga destinada a reformar e descentralizar o sistema político español.

Os nacionalistas vascos tamén tentaron sustentar, en 1918, a súa campaña pola autonomía con algúns chamamentos wilsonianos que lexitimasen a modernidade das reivindicacións nacionalistas. Porén, a inclinación católico-tradicionalista da maioría dos dirixentes vascos impediulles recibir unha maior influencia wilsoniana, que tiña un carimbo republicano e de esquerda reformista⁴⁸. Máis aínda, os ecos dos Catorce Puntos chegaron, así mesmo, ao movemento galeguista, máis feble, no que unha nova xeración de activistas dera o paso de adoptar o nacionalismo como doutrina inspiradora a partir de finais de 1916 e vía na nova Europa redefinida polo principio das nacionalidades un marco axeitado para Galicia desenvolver o seu autogoberno e construción nacional⁴⁹. Con diferentes matices, levantáronse unhas expectativas parellas tamén en Irlanda, onde se depositaron moitas esperanzas no influente grupo de presión dos *Irish-Americans* dos EUA; de feito, os dirixentes do Sinn Féin adoptaron o wilsonismo como estratexia de presión externa sobre o Imperio Británico, a cal lexitimaba as súas reivindicacións políticas no ámbito internacional e os revestiría dunha retórica liberal de esquerda⁵⁰.

Entre os catalanistas que apoiaban os aliados decorreu outra vaga de entusiasmo cando os EUA entraron na guerra, en marzo de 1917, e sobre todo despois

⁴⁷ Martínez Fiol (1991) e Esculies e Martínez Fiol (2014).

⁴⁸ *Vid.*, por exemplo, «Al Pueblo Vasco», *Euzkadi*, 25 de outubro de 1918; «Por qué estamos con Wilson», *Euzkadi*, 31 de outubro de 1918, e José de Villalonga Ybarra (1918): «La Sociedad de las Naciones», *Hermes*, 27 (novembro). *Vid.* tamén Ugalde (1996: 257-263).

⁴⁹ *Vid.* Núñez Seixas (1991), ben como o contributo de Ramón Villares neste volume.

⁵⁰ *Vid.* Brindley (1988).

da publicación dos Catorce Puntos. No seo do catalanismo radical, os principios de Wilson interpretáronse como un apoio claro á autodeterminación de Cataluña. Nese senso, varios grupos catalanistas, tamén algúns da diáspora americana, enviáronlle varias mensaxes ao presidente estadounidense e pediron a independencia en diversas publicacións. Dentro do catalanismo de esquerda, do republicano e do federalista, Wilson era visto como un adañal da liberdade das persoas e dos pobos. En xullo de 1918, Rovira i Virgili resumiu así esa visión: «A esencia do pensamento wilsoniano está contida en dous principios básicos: o da democracia e o das nacionalidades. O señor Wilson quere que imperen no mundo a liberdade dos homes e a liberdade dos pobos [...]. A súa famosa fórmula do dereito dos pobos a disporen de si mesmos contén, en efecto, o principio democrático e o principio das nacionalidades asemade»⁵¹.

O impacto da Revolución de Outubro obrigara a esquerda catalá a escoller entre Wilson e Lenin. Moitos simpatizaban cos bolxeviques, que eran considerados dende a distancia unha sorte de republicanos radicais; mais a maioría dos catalanistas de esquerda e arredistas optaron pola vía do reformismo social de pegada humanista, que asociaban co credo de Wilson. Iso parecía encaixar mellor coa aspiración dos catalanistas radicais de desataren unha revolución das camadas medias que, denantes ou despois, levaría a Cataluña a unha nova fase, vagamente definida, de «liberdade nacional». Como manifestou o deputado republicano catalanista José M. España en febreiro de 1919, o «dereito wilsoniano» consistía no «recoñecemento da liberdade colectiva dos pobos», dando cume así ao labor da Revolución Francesa. O que Cataluña esixía agora era «un dereito político natural conforme ás teorías wilsonianas», o cal conduciría a unha reestruturación xeral de España, en liña coas «novas tendencias» do tempo nos principais Estados de Europa e América⁵².

⁵¹ Antoni Rovira i Virgili (1918): «Mr. Wilson, president de l'Entente», *La Veu de Catalunya*, 31 de xullo de 1918 (edición matutina), 9.

⁵² *Vid.* España Sirat (1919: 76-79). Tamén Duarte (2015).

O armistício de novembro de 1918 e a subseguinte disolución dos imperios austrohúngaro e otomán xeraron outra vaga de optimismo entre os republicanos e os nacionalistas radicais cataláns. Predicían un inminente efecto dominó polo cal todas as nacionalidades oprimidas de Europa acadarían a liberdade baixo os auspicios dunha Sociedade das Nacións. Ese entusiasmo wilsoniano tornouse unha vaga tanxible de apoio e homenaxe populares por toda Cataluña. Varios concellos celebraron banquetes en honra de Wilson e bautizaron rúas co seu nome; o Concello de Barcelona aprobou o nomeamento do presidente norteamericano como cidadán honorario: «escudo de xustiza, defensor do principio das nacionalidades e representante das máximas universais do internacionalismo pacífico e humano». En decembro de 1918, a Mancomunitat acordou reconstruír unha aldea destruída nunha zona da fronte francesa onde foran despregados voluntarios cataláns. Uns días despois, varios deputados cataláns presentaron no Parlamento de Madrid un anteproxecto de autonomía: «as circunstancias actuais do mundo» esixían que a estruturación de España se acomodase «ao concerto dos pobos»⁵³.

Ao cabo, o que degoxaban a meirande parte dos catalanistas en termos realistas era aproveitarse do aval moral que se lles concedese ás súas reivindicacións autonomistas inmediatas, que eran ben máis moderadas. Como afirmaba en decembro de 1918 o modesto voceiro dos voluntarios catalanistas, o sacrificio nas trincheiras dos soldados cataláns produciría a intervención do presidente Wilson, cunha viñeta na que se representaba o mandatario estadounidense a romper as cadeas de Cataluña na presenza de Alsacia, Bohemia e demais territorios ceibados pola Entente⁵⁴. Noutra tira, publicada polo semanario satírico catalán *L'Esquella de la Torratxa* (fig. 1), Wilson recollía os froitos das súas doutrinas de autodeterminación: canda as espigas de trigo de Bohemia, Alsacia e Polonia, outras dúas que portaban unha chapela vasca e unha barretina catalá

⁵³ Balcells, Pujol e Sabater (2006: 110-111); *La Vanguardia*, 13 de novembro e 4 de decembro de 1918.

⁵⁴ «Recordat», *La Trinxera Catalana*, 19 de decembro de 1918.



Figura 1. «A grande colleita democrática», *L'Esquella de la Torratxa*, 15 de novembro de 1918. Wilson: «Debémollo todo a vostede, don Francisco. Vostede sementou ben e en abundancia; nós recollemos unha boa anada».

agardaban por ser cortadas, mentres el lle daba as grazas ao federalista catalán do XIX Francesc Pi i Margall por lle aprender as doutrinas da federación e o principio das nacionalidades⁵⁵.

Emporiso, as repercusións do wilsonismo tamén influíron na aparición doutras faccións políticas no seo do movemento catalanista, máis orientadas cara á esquerda liberal e cunha inclinación proindependentista. Todas elas acreditaban

⁵⁵ «La gran collita democrática», *L'Esquella de la Torratxa*, 15 de novembro de 1918.

no «novo» principio da autodeterminación nacional como alternativa aos «desfasados» modelos de autogoberno territorial dentro dunha monarquía composta, ben como á autodeterminación bolxevique. O que de verdade fascinaba os nacionalistas cataláns era o éxito que tivera a forma republicana de goberno na nova Europa da posguerra. Porén, na ausencia de mudanzas de fronteiras e de convulsións xeopolíticas, a maioría dos nacionalistas da Europa occidental tentaron vencellarse, polo menos dun xeito retórico, co que se consideraba o primeiro paso cara ao éxito do principio das nacionalidades como nova directriz que orientase as relacións internacionais de posguerra.

V. EXPECTATIVAS E REALIDADE DESPOIS DE VERSALLES (1919)

En boa medida, as expectativas que albergaban os nacionalistas subestatais da Europa occidental ficaron en nada. Aínda que Wilson, dalgunha maneira, «conseguiu por un milagre dotar o concepto de autodeterminación nacional dun status internacional», era unha figura que espertaba moitas máis expectativas nacionalistas das que satisfacía ou mesmo estaba disposto a satisfacer. En parte porque, como lamentou o seu secretario de Estado, Robert Lansing, Wilson non tiña unha idea clara de a que se refería cando falaba do suxeito da autodeterminación⁵⁶. Na Conferencia de Paz de Versalles, o principio das nacionalidades aplicouse só dunha forma estratéxica e moi limitada, sempre compatibilizándoo cos intereses xeopolíticos máis urxentes das potencias vitoriosas.

Os novos Estados-nación da Europa centrooriental tentaron levar á práctica unha política homoxeneizadora impoñendo, no curto e no medio prazo, unha única conciencia nacional e unha cultura homoxénea. De certo, algo semellante ocorrera na Europa occidental cincuenta anos denantes, cando os flamengos do norte de Francia e os occitanos do Piemonte italiano, entre outros, resultaran

⁵⁶ *Vid.* Hoff (2007: 47) e Lansing (1921: 97-98).

asimilados nas maiorías étnicas dos seus respectivos Estados nacionais no nome do progreso e da civilización. Porén, chegados os anos de 1918 e 1919, a conciencia social de pertencer a unha minoría étnica ou a unha nacionalidade diferenciada xa prendera en moitas zonas etnicamente mixtas que se atopaban daquela baixo a égida dos novos Estados nacionalizadores⁵⁷. Logo deses anos, a identificación coas minorías irredentistas e o apoio aos «nosos irmáns oprimidos alén das nosas fronteiras» tornouse unha demanda que se asociaba co nacionalismo radical alemán, maxiar ou polonés. A solución ofrecida pola Sociedade das Nacións inspirábase, en boa parte, no exemplo británico de gobernanza multiétnica, no que se recoñecían os dereitos individuais dos membros dunha minoría a non seren discriminados polo Estado en materia de idioma, relixión ou crenzas⁵⁸.

O principio das nacionalidades non se converteu no criterio orientador da reestruturación do mapa político de Europa, como anunciaran os admiradores de Wilson en Cataluña e Flandres. O «momento wilsoniano» consistiu en realidade nunha multiplicidade de adaptacións locais, sen aterse a un patrón, tanto nas diversas áreas de Europa como nas periferias imperiais⁵⁹. Pola contra, a filosofía que subxacía ao sistema de protección das minorías que puña en práctica a Sociedade das Nacións acabou por ser un sistema de garantía do respecto polos dereitos individuais das persoas pertencentes a minorías de «raza, lingua e relixión», cunha perspectiva na que, no longo prazo, se prevía unha asimilación pacífica e gradual na maioría étnica. Malia ese concepto básico diferir do que inspiraba o principio das nacionalidades, pódese rastrexar certa continuidade entre o debate internacional que houbera durante a guerra verbo dos dereitos de nacionalidade e a autodeterminación nacional, e o nacente debate transnacional que, dende comezos da década de 1920, tivo como obxecto os dereitos e a protección das minorías nacionais.

⁵⁷ *Vid.* Mayer (1959), ben como a reavaliación de MacMillan (2002).

⁵⁸ *Vid.* Brubaker (1996).

⁵⁹ *Vid.* Storm e Van Ginderachter (2019); Núñez Seixas (2020).

Outro legado duradoiro da política das nacionalidades durante o conflito radicou no feito de as elites dos movementos nacionalistas europeos chegaren a considerar a axitación protodiplomática que se daba en tempos de convulsión mundial como elemento importante na consecución dos seus obxectivos políticos⁶⁰. No entanto, non todos os exiliados desfrutaron das oportunidades que tiveron Masaryk e Beneš en tempos de guerra. Así, os nacionalistas irlandeses e indios enviaron delegacións a París, mais non se lles permitiu expoñer as súas demandas na Conferencia de Paz. Algo semellante lles aconteceu a varios grupos procedentes de Cataluña, a Bretaña e Escocia, que tentaron en van presentar memorandos perante as diversas delegacións estatais que acudiran a Versalles⁶¹.

Así e todo, o exemplo dos etnonacionalistas que acadaran os seus obxectivos despois de 1918 –debido, en parte, á protodiplomacia– pesou nas estratexias daqueles que tentaban seguir os seus pasos. Estes últimos percibiron a importancia de estableceren axencias propagandísticas nas grandes capitais europeas, e de expor as súas demandas en folletos e revistas plurilingües con miras a influíren naquel novo actor que se tornara, en aparencia, decisivo despois de 1918 e da fin da «diplomacia secreta»: a opinión pública internacional. Tamén tencionaron gañar o apoio de mediadores intelectuais, xornalistas e elites influentes en Londres, Viena, París, Berlín ou Xenebra, para promoveren campañas políticas e influíren nos procesos de toma de decisións na Sociedade das Nacións, nomeadamente no relativo á protección das minorías⁶². Os exiliados etnonacionalistas que desenvolveran unha importante axitación transnacional durante a Gran Guerra serviron de espello para os novos actores que, representando a nacionalidades ou minorías étnicas, tentaron presionar ante as chancelerías europeas e a Sociedade das Nacións nos anos vinte e trinta.

⁶⁰ *Vid.*, por exemplo, Antoni Rovira i Virgili (1915): «Necessitat de que tot nacionalisme tingui una política internacional», *Revista Anyal*, reproducida en Martínez Fiol (1988: 79-85).

⁶¹ *Vid.* Macardle (1965: 207-282), Bonsal (1969), Gasquet (1995) e Y. Kerberio, «Les Répresentants de la minorité bretonne chez le président Wilson en 1919», *Minorité-La Voix des Peuples*, 15 de xaneiro de 1938.

⁶² *Vid.* Beer e Dyroff (2014), ben como Núñez Seixas (2016) e Ucelay-Da Cal, Núñez Seixas e González i Vilalta (2020).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BALCELLS, Albert / Enric PUJOL / Jordi SABATER (2006): *La Mancomunitat de Catalunya i l'autonomia*, Barcelona, Proa / IEC.
- BEER, Mathias / Stefan DYROFF (eds.) (2014): *Politische Strategien nationaler Minderheiten in der Zwischenkriegszeit*, München, Oldenbourg.
- BIANCHINI, Stefano (ed.) (2013): *Self-Determination and Sovereignty in Europe: From Historical Legacies to the EU External Role*, Ravenna, Longo.
- BONSAL, Stephen (1969): *Suitors and Suppliants: The Little Nations at Versailles*, Port Washington, NY, Kemikat Press.
- BRECHT, Werner (1992): *Selbstbestimmung und imperiale Herrschaft: Zur Haltung Woodrow Wilsons gegenüber der ausereuropäischen Welt*, Münster, Lit.
- BRINDLEY, Ronan (1988): «Woodrow Wilson, Self-Determination and Ireland, 1918-1919: A View from the Irish Newspapers», *Eire-Ireland*, Winter issue, 62-80.
- BRUBAKER, Rogers (1996): *Nationalism Reframed: Nationhood and the National Question in the New Europe*, Cambridge, Cambridge University Press.
- CALDER, Kenneth J. (1976): *Britain and the Origins of the New Europe, 1914-1918*, Cambridge, Cambridge University Press.
- CARNEY, Sébastien (2015): *Breiz Atao ! Mordrel, Delaporte, Lainé, Fouéré : une mystique nationale (1901-1948)*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.
- CELI, Alessandro (2017): «La Grande Guerra e le origini dell'autonomismo valdostano», en Giacomo Zanibelli (ed.), *La Grande Guerra in Provincia. Comunità locali e fronte interno: fonti e studi su società e conflitto*, Siena, Nuova Immagine Editrice, 325-337.
- CHERNEV, Borislav (2011): «The Brest-Litovsk Moment: Self-Determination Discourse in Eastern Europe before Wilsonianism», *Diplomacy & Statecraft*, 22:3, 369-387.
- CLOUGH, Shepard B. (1930): *A History of the Flemish Movement in Belgium: A Study of Nationalism*, New York, Richard R. Smith.
- CONVERSI, Daniele (1993): «Domino effect or international developments? The influences of international events and political ideologies on Catalan and Basque nationalism», *West European Politics*, 16:1, 245-270.
- CORTRIGHT, David (2008): *Peace: A History of Movements and Ideas*, Cambridge, Cambridge University Press.
- CUBEDDU, Salvatore (1993): *Sardisti: viaggio nel Partito Sardo d'Azione tra cronaca e storia, Volume I (1919-1948)*, Sassari, Edes.
- DAVIES, D. Hywel (1985): *The Welsh Nationalist Party, 1925-1945: A Call to Nationhood*, Cardiff, University of Wales Press.
- DAVIES, Thomas (2014): *NGOs: A New History of Transnational Civil Society*, Oxford, Oxford University Press.
- DÉNIEL, Alain (1976): *Le mouvement breton, 1919-1945*, Paris, François Maspero.
- DIEKMANN, Knut (1998): *Die nationalistische Bewegung in Wales*, Paderborn, Ferdinand Schöningh.
- DUARTE, Ángel (2015): «Visiones de un mañana aleatorio. Notas sobre el intelectual republicano-catalanista ante la Gran Guerra», *Historia y Política*, 33, 99-122.

- ESCULIES, Joan / David MARTÍNEZ Fiol (2014): *12.000! Els catalans a la Primera Guerra Mundial*, Barcelona, Ara Llibres.
- ESPAÑA SIRAT, José María (1919): *Las corrientes autonomistas en el mundo y el pleito de Cataluña*, Lleida, Sol y Benet.
- FRAENKEL, Ernst (1960): «Das deutsche Wilsonsbild», *Jahrbuch für Amerikastudien*, 5, 66-120.
- GABRYS, Juozas (2013): *Auf Wache für die Nation. Erinnerungen*, ed. de Eberhard Demm e Christina Nikolajew, Frankfurt am Main, PL Academic Research.
- GASQUET, Sébastien de (1995): «La France et les mouvements nationaux ukrainiens», en Georges-Henri Soutou (ed.), *Recherches sur la France et le problème des nationalités pendant la Première Guerre mondiale (Pologne, Ukraine, Lithuanie)*, Paris, Presses de l'Université de Paris-Sorbonne, 172-183.
- GERSON, Louis L. (1956): *Woodrow Wilson und die Wiedergeburt Polens, 1914-1920*, Würzburg, Holzner.
- GIBBONS, Herbert Adams (1918): *Le point de vue américain sur la question des nationalités et la Société des Nations*, Paris, s. n.
- GOEBEL, Michael (2015): *Anti-Imperial Metropolis: Interwar Paris and the Seeds of Third World Nationalism*, Cambridge, Cambridge University Press.
- GRIFFITH, Arthur (1904): *The Resurrection of Hungary: A Parallel for Ireland*, Dublin, Whelan and Son.
- GUIEU, J. (2008): *Le rameau et le glaive : les militants français pour la SDN*, Paris, Presses de Sciences Po.
- HADLER, Frank (ed.) (1995): *Weg von Österreich! Das Weltkriegsexil von Masaryk und Beneš im Spiegel ihrer Briefe und Aufzeichnungen aus den Jahren 1914-1918. Eine Quellensammlung*, Berlin, Akademie Verlag.
- HAUSER, Henri (1916): *Le principe des nationalités : ses origines historiques*, Paris, Alcan.
- HEATER, Derek (1994): *National Self-Determination: Woodrow Wilson and His Legacy*, New York, St. Martin's Press.
- HOFF, Joan (2007): *A Faustian Foreign Policy from Woodrow Wilson to George W. Bush: Dreams of Perfection*, New York, Cambridge University Press.
- HROCH, Miroslav (2000): *In the National Interest. Demands and Goals of European National Movements of the Nineteenth Century: A Comparative Perspective*, Prague, Charles University.
- HROCH, Miroslav (2005): *Das Europa der Nationen: Die moderne Nationsbildung im europäischen Vergleich*, Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht.
- KALTENBACH, Frederick W. (1938): *Self-Determination, 1919: A Study in Frontier-Making between Germany and Poland*, London, Jarrolds.
- LANSING, Robert (1921): *The Peace Negotiations: A Personal Narrative*, Boston / New York, Houghton Mifflin Co.
- LAQUA, Daniel (2013): *The Age of Internationalism and Belgium, 1880-1930: Peace, Progress and Prestige*, Manchester, Manchester University Press.
- LEERSSEN, Joep (2006): *National Thought in Europe: A Cultural History*, Amsterdam, Amsterdam University Press.
- LLOYD GEORGE, David (1928): *War Memoirs*, London, Odhams, vol. 2.
- MACARDLE, Dorothy (1965): *The Irish Republic*, New York, Farrar, Straus and Giroux.
- MACARTNEY, Carlile Aylmer (1934): *National States and National Minorities*, London, Oxford University Press.
- MACMILLAN, Margaret (2002): *Paris, 1919 : Six Months That Changed the World*, New York, Random House.

- MAMATEY, Victor Samuel (1967): *The United States and East Central Europe, 1914-1918: A Study in Wilsonian Diplomacy and Propaganda*, Princeton, NJ, Princeton University Press.
- MANDELSTAM, André N. (1919): *Mémoire sur la delimitation des droits de l'État et de la nation d'après la doctrine du president Wilson*, Paris, Hugonis.
- MANELA, Erez (2007): *The Wilsonian Moment: Self-Determination and the Origins of Anticolonial Nationalism*, Oxford, Oxford University Press.
- MARTIN, Laurence W. (1958): *Peace without Victory: Woodrow Wilson and the British Liberals*, New Haven, Yale University Press.
- MARTÍNEZ FIAL, David (ed.) (1988): *El catalanisme i la Gran Guerra (1914-1918): antologia*, Barcelona, La Magrana / Diputació.
- MARTÍNEZ FIAL, David (1991): *Els «voluntaris catalans» a la Gran Guerra, 1914-1918*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- MAUME, Patrick (1995): «The ancient constitution: Arthur Griffith and his intellectual legacy to Sinn Féin», *Irish Political Studies*, 10:1, 125-137.
- MAYER, Arno J. (1959): *Wilson vs. Lenin: Political Origins of the New Diplomacy, 1917-1918*, New Haven, Yale University Press.
- MIQUEL, Pierre (1971): *La Paix de Versailles et l'opinion publique française*, Paris, Flammarion.
- MIR, Gregori (1990): *El mallorquinisme polític (1840-1936)*, Palma de Mallorca, Moll, vol. I.
- MORGAN, Kenneth O. (1981): *Rebirth of a Nation: Wales, 1880-1980*, Oxford, Clarendon / University of Wales Press.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1991): «Galicia no espello europeu. As relacións internacionais do nacionalismo galego, 1916-1936», *A Trabe de Ouro*, 8, 507-520.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2001): *Entre Ginebra y Berlín: la cuestión de las minorías nacionales y la política internacional en Europa (1914-1939)*, Madrid, Akal.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2010): *Internacionalitzant el nacionalisme: el catalanisme polític i la qüestió de les minories nacionals a Europa (1914-1936)*, València, Afers / Universitat.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2016): «Unholy Alliances? Nationalist Exiles, Minorities and Anti-Fascism in Interwar Europe», *Contemporary European History*, 25:4, 597-617.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2018): «Catalonia and the 'War of Nations': Catalan Nationalism and the First World War», *Journal of Modern European History*, 16:3, 379-398.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2019): *Patriotas transnacionales: estudios sobre nacionalismos y transferencias culturales en la Europa del siglo XX*, Madrid, Cátedra.
- NYGARD, Stefan / Johan STRÅNG (2016): «Facing Asimmetry: Nordic Intellectuals and Center-Periphery Dynamics in European Cultural Space», *Journal of the History of Ideas*, 77:1, 75-98.
- ORGANISATION CENTRALE POR UNE PAIX DURABLE (1917): *Avant-projet d'un traité général relatif aux droits des minorités nationales*, Stockholm, Oskar Eklund.
- ØSTERGÅRD, Uffe (2015): «Nation-Building and Nationalism in the Oldenburg Empire», en Alexei Miller / Stefan Berger (eds.), *Nation-Building in the Core of Empires: A Comparative Perspective*, Budapest / New York, CEU Press, 461-509.
- OSTERKAMP, Jana / Martin SCHULZE WESSEL (eds.) (2017): *Exploring Loyalty*, Göttingen, V&R.
- OTLET, Paul (1914): *La fin de la guerre : traité de paix générale basé sur une charte mondiale déclarant les droits de l'humanité et organisant la confédération des états*, Bruxelles, Oscar Lamberty.

- PÉREZ CASANOVA, Guillermo J. (2012): «¡Sálvanos, Wilson! El remedio americano para la decadencia europea», en Carlos Navajas Zubeldia / Diego Iturriaga Barco (eds.), *Coetánea: actas del III Congreso Internacional de Historia de Nuestro Tiempo*, Logroño, IER, 187-196.
- POTT, Wilfried (2011): *Auf der Suche nach Unterstützung für Irland: Roger Casements Wirken in Deutschland und die deutsche Unterstützung des Osteraufstandes*, München, AVM.
- PROTT, Volker (2016): *The Politics of Self-Determination: Remaking Territories and National Identities in Europe, 1917-1923*, Oxford, Oxford University Press.
- ROBERTS, Priscilla (2013): «Wilson, Europe's Colonial Empires, and the Issue of Imperialism», en Ross A. Kennedy (ed.), *A Companion to Woodrow Wilson*, Chichester, Wiley-Blackwell, 492-517.
- RODOGNO, Davide / Bernhard STRUCK / Jakob VOGEL (eds.) (2015): *Shaping the Transnational Sphere: Experts, Networks, and Issues from the 1840s to the 1930s*, New York / Oxford, Berghahn.
- SANBORN, Joshua A. (2014): *Imperial Apocalypse: The Great War and the Destruction of the Russian Empire*, Oxford, Oxford University Press.
- SÉAILLES, Gabriel (1918): *Le Principe des nationalités et ses applications*, Paris, P. Levé.
- SECHI, Salvatore (1976): *Dopoguerra e fascismo in Sardegna: il movimento autonomistico nella crisi dello Stato liberale (1918-1926)*, Torino, Einaudi.
- SEIGNOBOS, Charles (1913): *Les aspirations autonomistes en Europe*, Paris, Librairie Félix Alcan.
- SETON-WATSON, Christopher (1991): «Czechs, Poles and Yugoslavs in London, 1914-1918», en *L'Émigration politique en Europe aux XIX^{ème} et XX^{ème} siècles*, Rome, École française de Rome, 277-293.
- SETON-WATSON, Hugh / Christopher SETON-WATSON (1981): *The Making of a New Europe: R. W. Seton-Watson and the Last Days of Austria-Hungary*, London, Methuen.
- SETON-WATSON, Robert William (1915): *What is at Stake at the War*, London, Oxford University Press.
- SLUGA, Glenda (2006): *The Nation, Psychology and International Politics, 1870-1919*, Basingstoke, Palgrave Macmillan.
- SLUGA, Glenda (2013): *Internationalism in the Age of Nationalism*, Philadelphia, University of Pennsylvania Press.
- SMITH, Daniel M. (2002): «The Fourteen Points», en Alexander DeConde (ed.), *Encyclopedia of American Foreign Policy*, New York, Charles Scribner's Sons, vol. II, 380-386.
- SOUTOU, Georges-Henri (1995): «Jean Pélissier et l'Office Central des Nationalités, 1911-1918 : un agent du gouvernement français auprès des nationalités», en *id.* (ed.), *Recherches sur la France et le problème des nationalités pendant la Première Guerre mondiale (Pologne - Ukraine - Lituanie)*, Paris, Presses de l'Université de Paris-Sorbonne, 13-38.
- STORM, Eric / Maarten VAN GINDERACHTER (2019): «Questioning the Wilsonian moment: the role of ethnicity and nationalism in the dissolution of European empires from the Belle Époque through the First World War», *European Review of History = Revue européenne d'histoire*, 26:5, 747-756.
- STUTJE, Klaas (2019): *Campaigning in Europe for a Free Indonesia: Indonesian Nationalists and the World-wide Anticolonial Movement, 1917-1931*, Copenhague, NIAS Press.
- SWARTZ, Marvin (1971): *The Union of Democratic Control in British Politics during the First World War*, Oxford, Clarendon Press.
- TCHERNOFF, Juda (1918): *La politique des nationalités d'après la tradition républicaine*, Paris, Bureaux de l'Action nationale.
- THIESSE, Anne-Marie (2011): *La Création des identités nationales : Europe, XVIII^e-XX^e siècle*, Paris, Éditions du Seuil.

- THRONTVEIT, Trygve (2011): «The Fable of the Fourteen Points: Woodrow Wilson and National Self-Determination», *Diplomatic History*, 35:3, 445-481.
- TOBIA, Bruno (1974): «Il partito socialista italiano e la politica di Wilson (1916-1919)», *Storia Contemporanea*, V:2, 274-303.
- TOYNBEE, Arnold J. (1915): *Nationality and the War*, London, Dent.
- UCELAY-DA CAL, Enric (2003): *El imperialismo catalán: Prat de la Riba, Cambó, D'Ors y la conquista moral de España*, Barcelona, Edhasa.
- UCELAY-DA CAL, Enric (2020a): «Cómo surgieron las internacionales de nacionalistas. La coincidencia de iniciativas sociales muy diversas, 1864-1914», en Enric Ucelay-Da Cal / Xosé M. Núñez Seixas / Arnau González i Vilalta (eds.), *Patrias diversas, ¿misma lucha?: alianzas transnacionalistas en el mundo de entreguerras (1912-1939)*, Barcelona, Bellaterra, 25-66.
- UCELAY-DA CAL, Enric (2020b): «How to Become Independent in Europe (and America) Before 1931: Upholding the Monarchy or Proclaiming a Republic», en Arnau González i Vilalta (ed.), *The Illusion of Statehood: Perceptions of Catalan Independence up to the End of the Spanish Civil War*, Brighton / Eastbourne, Sussex Academic Press, 1-55.
- UCELAY-DA CAL, Enric / Xosé M. NÚÑEZ SEIXAS / Arnau GONZÁLEZ I VILALTA (eds.) (2020): *Patrias diversas, ¿misma lucha?: alianzas transnacionalistas en el mundo de entreguerras (1912-1939)*, Barcelona, Bellaterra.
- UGALDE ZUBIRI, Alexander (1996): *La acción exterior del nacionalismo vasco (1890-1939): historia, pensamiento y relaciones internacionales*, Oñati, IVAP.
- VALĀR, Rico F. (2013): *Weder Italiener noch Deutsche! Die rätoromanische Heimatbewegung, 1863-1938*, Baden, Hier und Jetzt, Verlag für Kultur und Geschichte.
- WAMBAUGH, Sarah (1933): *Plebiscites since the World War*, Washington, Carnegie Foundation, 2 vols.
- WEITZ, Eric D. (2015): «Self-Determination: How a German Enlightenment Idea Became the Slogan of National Liberation and a Human Right», *American Historical Review*, 120:2, 462-496.
- WERNER, Michael / Bénédicte ZIMMERMANN (2006): «Beyond Comparison: *Histoire Croisée* and the Challenge of Reflexivity», *History and Theory*, 45, 30-50.
- WILS, Lode (1974): *Flamenpolitik en aktivisme: Vlaanderen tegenover België in de eerste Wereldoorlog*, Leuven, Davidsfonds.
- WIMMER, Andreas (2013): *Waves of War: Nationalism, State Formation, and Ethnic Exclusion in the Modern World*, Cambridge et al., Cambridge University Press.
- WRIGHT, Julian (2003): *The Regionalist Movement in France: Jean Charles-Brun and French Political Thought*, Oxford, Oxford University Press.
- YVIA-CROCE, Hyacinthe (1979): *Vingt années de corsisme, 1920-1939 : chronique corse de l'entre-deux-guerres*, Ajaccio, Cyrnos et Méditerranée.
- ZETTERBERG, Seppo (1978): *Die Liga der Fremdvölker Russlands 1916-1918: ein Beitrag zu Deutschlands antirussischem Propagandakrieg unter den Fremdvölkern Russlands im Ersten Weltkrieg*, Helsinki, Akateeminen Kirjakauppa.
- ZONDERGELD, Gjaltr R. (1978): *De Friese Beweging in het tijdvak der beide wereldoorlogen*, Leeuwarden / Ljouwert, De Tille.